

“EU QUERO QUE SE CRÍE NO GALEGO”: A RELACIÓN ENTRE O NEOFALANTISMO E A FORMACIÓN FAMILIAR

LUKE BISHOP

University of Texas-Austin

O termo *neofalante* refírese a aqueles que falan castelán como primeira lingua, pero optan conscientemente por cambiar á lingua minorizada como a súa lingua dominante. Nesta presentación, examino como os neofalantes de galego afirman as súas identidades como nais e pais mentres interactúan con outros factores coma a ruralidade, as presións para falar variedades normativas e a variación dialectal. Examino como estes factores motivan a decisión de falar galego, e tamén como informan que variedade de galego falan os participantes nas súas funcións como nais e pais. O termo *neofalante* é novo nas últimas décadas, aínda que esta nova construción está profundamente arraigada nas tradicións máis antigas de prácticas lingüísticas non hexemónicas. Presento datos de nove entrevistas semiestruturadas realizadas durante o curso 2023-2024 na provincia de Ourense.

Os perfís de nais e pais neofalantes detallados por O'Rourke e Nandi (2019) suxiren que xogan un papel excepcionalmente grande na revitalización da lingua galega, e enfróntanse a inseguridades únicas debido ás súas propias dúbidas lingüísticas. Os datos das entrevistas que recompilei suxiren dúas cousas. En primeiro lugar, ter fillos, ou o desexo de ter fillos, motiva a moitos castelanfalantes nativos a convertérense en galegofalantes (un sitio para a súa *muda* lingüística; Puigdevall et al., 2019). En segundo lugar, adoitan falar un galego máis normativo. Algúns informaron do desexo de ensinar aos seus fillos unha variedade "correcta", quizais pola crenza de que a súa propia variedade non é totalmente "lexítima". En termos de Woolard (2016), os pais e as nais neofalantes parecen máis inclinados polas ideoloxías do anonimato que polas ideoloxías de autenticidade dos seus homólogos non-neofalantes. Os pais neofalantes recuperan as súas propias prácticas tradicionais de fala, reimaxinándoas e reutilizándoas a partir da súa propia historia lingüística.

Referencias bibliográficas

- O'Rourke, B. & Nandi, A. (2019). New speaker parents as grassroots policy makers in contemporary Galicia: Ideologies, management and practices. *Language Policy*, 18(4), 493–511. <https://doi.org/10.1007/s10993-018-9498-y>
- Puigdevall, M., Colombo, A. & Pujolar, J. (2019). Espacios de adopción del catalán, una aproximación etnográfica a las mudas lingüísticas en Cataluña. In F. Ramallo, E. Amorrortu & M. Puigdevall (eds.), *Neohablantes de lenguas minorizadas en el Estado español* (pp. 111–130). Iberoamericana; Vervuert.

IV SIMPOSIO INTERNACIONAL ASPECTOS LINGÜÍSTICOS DO NOROESTE IBÉRICO

3-4 de outubro de 2024

Facultade de Filoloxía (USC)

- Smith-Christmas, C., Ó Murchadha, N. P., Hornsby, M. & Moriarty, M. (eds.). (2018). *New Speakers of Minority Languages*. Palgrave Macmillan UK. <https://doi.org/10.1057/978-1-137-57558-6>
- Woolard, K. A. (2016). *Singular and Plural: Ideologies of Linguistic Authority in 21st Century Catalonia*. Oxford University Press.